

IV Convenio Único para o persoal laboral da AXE

COMISIÓN PARITARIA DE OUTUBRO

A destrución de emprego continua. As derradeiras reunións da Comisión Paritaria convertéronse nunha **feira dos complementos** na que a Administración coa complicidade do resto de organizacións sindicais tratan de amañar os problemas xerados pola aplicación do Acordo de Retribucións Complementarias **amortizando postos vacantes**. A conversión dos complementos do III Convenio, a asignación de novos complementos por funcións.... a están financiando coas vacantes das RPTS que se perden para sempre. De seguir así, chegará un día no que non queden postos para convocar nin para financiar nada mais.

Dos expedientes enviados polas Subcomisións, Función Pública decide os que se aproban, os que non, os que se pechan, os que se aproban parcialmente. Pero non facilitan os informes cos criterios aplicados, que van cambiando sen maior explicación. Desde a CIG solicitamos eses informes, así como que nos deixen claro a nos, e ás Subcomisións cales son os criterios precisos para a correcta tramitación dos mesmos. Pola nosa parte seguimos votando en contra de todos aqueles expedientes que se financien coa amortización de postos vacantes.

Aprobamos a conversión da masa salarial de horas extra en produtividade para varios ministerios, así como varios encadramentos derivados de sentenzas xudiciais.

Con respecto ós Grupos de Traballo:

- Reclamamos a **urxente convocatoria do Grupo de Traballo de Xubilación Parcial**. Desde a CIG trasladamos un documento cunha serie de propostas para axilizar o proceso (Creación de bolsas de contratación, acumulación de contratos para os/as relevistas.....) e desde xullo non temos resposta algunha. As incidencias no exercicio deste dereitos son moitas e requiren de medidas urxentes. Animamos ó persoal que vexa limitado este dereito a que reclame indemnizacións por danos e prexuízos.
- O Grupo de Traballo de Réxime Xurídico segue funcionando con normalidade e está traballando na convocatoria para o persoal do grupo 2G.
- Os concursos de traslados dos anexos I e II están convocados e en proceso.

Por último volvemos a poñer de manifesto a nosa desconformidade co que que a Administración está facendo coas Ofertas de Emprego nas que inclúen postos de nova creación que nunca pasaron por concurso e que ademais ó non figurar nas RPTS non teñen definidas as súas condicións de traballo (horarios, quendas....). A este respecto estudaremos posibles actuacións.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota